



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE (EXPOURENSE)
PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL,
TERMATALIA 2017.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), para a organización e celebración da Feira Internacional do Turismo Termal, “TERMATALIA 2017” os días 21 e 22 de setembro (e o Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo desde o 20 de setembro).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, é a única organizadora de “TERMATALIA 2017”, que é a única Feira Internacional do Turismo Termal que se celebra no mundo que reúne ao sector procedente de Europa e América convertida nun referente tanto europeo coma latinoamericano para os profesionais deste ámbito. Esta Fundación a través de Termatalia, ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo termal e Termatalia se posiciona como o centro de negocios e intercambio de coñecemento máis adecuado para a presentación e expansión de todos os produtos vencellados ao turismo termal a nivel internacional.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia colaborará coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense na organización de TERMATALIA 2017, feira internacional dedicada ao turismo termal organizada por Expourense, co obxecto de reforzar o posicionamento de Galicia como destino líder en Turismo Termal xa que as instalacións para o turismo de saúde fan deste sector un dous produtos turísticos estrela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

